

Carta de Creta

Heraklion, o porto de Heracles

XAVIER QUEIPO

Eu tiña unha idea do mito de Teseo e de como este entrou no labirinto guiado polo fio de Ariadna para dar cabo do Minotauro. Co paso do tempo, logo de estudalo na escola e gardalo na memoria —simplificándoo— lin varias recreacións desa historia. Lembro agora as de Julio Cortázar no libro *Los reyes* e a de André Gide en *Thésée*, publicado en 1946, e do que conseguín copia nunha das miñas visitas á librería Nijinski de Bruxelas. Pasados os anos cheguei aínda a escribir un texto que comezaba describindo o Minotauro nunha aproximación/desviación antropocéntrica: “Da esfera media, dun *cocoon* xerminal, xorde a imaxe reflectida de Minotauro que, enfastada, se abeira ás paredes do labirinto. Tras da sombra asoma a cabeza poderosa, de vacaloura macho e mandíbulas inmensas, de fociño adiantado e orellas semoventes. Logo da cachola bovina, de uro ancestral ou químera sublime, aparece o corpo de cachimán ilustrado, vestido coas mellores sedas traídas do Oriente, de quen debulla nun curruncha a xelatina dos días”. Recoillo de Gide unha pasaxe que di así: “Sans doute triompheras-tu sans peine du Minotaure, car, à le bien prendre, il n’est pas si redoutable qu’on le croit”, e preparóme para procurar nesta cidade de Candia as trazas do paso do heroe vingador, que logo aparecerán ou non, mais que xa forman parte da miña cartografía onírica.

As varias ondadadas de cultura que fixeron Candia

Até ben entrado o século XIX este porto non se chamaba Heraklion (nome que lle foi dado logo



Relevo do León de Venecia, símbolo da República de San Marcos

da unificación coa Grecia continental) senón Candia, que é como se encontra referido nos varios libros que se expoñen no Museo Histórico de Creta, como *Historia della Guerra di Candia*, de Andrea Valerio, ou a *Historia dell’ultima guerra tra’ Veneziani e Turchi*, de Girolamo Brusoni, e outros varios libros en lingua turca e veneciana. O museo percorre de xeito sumario a historia da illa, que, despois da cultura

micénica, vive nunha paz completa baixo o Imperio Bizantino até a chegada dos fuxidos de Al-Ándalus que se establecen na illa, da ocupación polo Imperio otomán e das múltiples revoltas armadas contra eles, da unión con Grecia en 1913, da invasión italiana e a posterior ocupación polas tropas nazis durante a Segunda Guerra Mundial.

O museo é pequeno, mais sobrecargado de obxectos con abundantes mostras de arte relixiosa, entre a que destaca, para o meu gusto, unha icona que en anamorfose de prismas trigonais representa a imaxe da Virxe, ollándose dende a esquerda, e de San Xurxo, o vencedor do dragón, ollándose dende a dereita. Hai tamén un par de cadros atribuídos a Doménikos Theotokópoulos, máis coñecido como O Greco, orixinario desta illa; coleccións históricas de variados obxectos dos períodos bizantino, veneciano e otomán; unha colección de arte moderna do mecenas local Zacharias Portalakis (onde destaca ao meu parecer un san Bastián de Yannis Tsaourachis, e xaora tres salas dedicadas a Nikos Kazantzakis, o escritor local que acadou fama mundial por ser autor, entre outras novelas, de *Zorba, o grego*, epopea que no cinema interpretara Anthony Quinn, ou

Xavier Queipo é escritor e experto científico senior.

En 2015 recibiu o Premio Blanco Amor pola novela *Os kowa*.

www.xavierqueipo.gal

Fotografías do autor

A última tentación de Cristo, tamén levada ao cinema con Willem Dafoe como protagonista.

Teño unha debilidade polos museos mesturados, heteróclitos, algo sobrecargados, e por iso gocei desa visita-lóstrego, unha hora escasa para absorber a historia e a antropoloxía cultural de Creta dende a época clásica até a non menos épica xeira da Segunda Guerra Mundial, que tivo na illa especial relevancia, cando os guerrilleiros chegados das montañas secuestraron o comandante máximo das forzas de ocupación alemás.

Xa no exterior, un paseo polo porto de Heraklion informa da pegada que neste lugar, como en tantos outros do Mediterráneo, deixaron os venecianos, navegantes e comerciantes que hai centos de anos crearon asentamentos comerciais e fortalezas dende o porto de Venecia até Negroponte, que construíron un camiño de ida e volta traendo nas súas bodegas as mil e unha mercadorías que as caravanas de camelos achegaban das escalas do Levante próximo e do afastado Oriente. Na fortaleza que abre o porto de Candia, a imaxe do león de Venecia fai lembrar a Marco Polo e os seus contemporáneos, que nun xeito anticipado de globalización traficaron polas rutas que de Anatolía levan a Alepo e aos camiños da seda, polas estepas que hai máis alá de Samarcanda e polos portos de Alexandría, de onde parten caravanas que se achegan a Eritrea, no corno de África, ou remontan até a península arábica, para dende alí conectar co porto de Ormuz e seguir as rutas da costa Malabar e do arquipélago da Sonda.

A profunda decepción de Knosos

Non sei se foi porque chovía de xeito inesperado ou porque as nubes ameazaban con descargar aínda con máis forza, que a chegada Knosos non puido comezar peor. Baixo a sombra protectora dos paraugas escoitamos as primeiras indicacións dun guía que insiste en que non vai cobrar o seu traballo se non gustamos do que el nos conta.



Lousa funeraria otomá (Museo Histórico de Creta)



Copia dun fresco no pazo de Knosos



Embarcacións volanteiras no porto de pesca

Fala coma un sarillo, e vai ceibando historias pouco fundamentadas do carácter pacífico dos habitantes de Knosos, o que explica —ao seu parecer— que a arquitectura deles non inclúa murallas nin protección ningunha para o pazo, pois non tiñan inimigos e non temían a súa chegada, como eran pequenos de estatura e brancos de pel os nobres, e vermellos os que para eles traballaban. Semella vivir o home nunha mitoloxía construída para a ocasión, na que procedería en liña directa daqueles homes pacíficos, pois el mesmo é recortado de estatura e de pel branca (constato que curtida polo sol, coma se fose un labrego reconvertido en guía logo de memorizar unha serie de parágrafos dun libro) e admira a distribución en castas e a mestría arquitectónica dos seus antepasados potenciais.

Unha chisca amoscado pola ideoloxía que destila o noso guía, déixome levar polas súas explicacións un bocado esotéricas e pouco fundamentadas. Imos pasando por salas que insiste foron as residencias do rei e da raíña, o salón do trono, os cuartos dos sacerdotes e os almacéns do pazo. Contemplamos algúns frescos e mosaicos,

mais a decepción xorde decontado cando nos revela, sen apenas pestanexar, que todos son falsos, que as pretendidas columnas de madeira de cedro foran substituídas por outras de cemento tintadas de pigmentos, que os frescos orixinais foron removidos e que os mosaicos non están alí, senón no Museo Antropológico da vila de Heraklion.

Explícanos como usaban aquelas inmensas ánforas para gardar o aceite de oliva e de como os escravos as transportaban usando unhas cordas, o que xustifica os remates nunha serie de argolas no bocal das ánforas. Fala do comercio marítimo coa costa norte de Exipto e como a partir de alí as súas caravanas chegaban até a rexión de Nubia, o que explicaría a presenza nas pinturas murais de monos e paxaros exóticos, con plantas de papiro e outras figuras que non se correspondían nin coa flora nin coa fauna da illa. Detense en explicar o sistema de canalizacións e remata as súas fabulacións cando chegamos a unha especie de anfiteatro, onde insiste que as sacerdotisas celebraban uns bailes de carácter relixioso.

Todo é falso, nada está no lugar onde foi atopado e, á fin, a imaxe que aprendera na escola da



Fortaleza de Rocca a Mare, na entrada do porto de Heraklion

fabulosa civilización micénica, fica niso, nunha fabulación dun labrego que leu un manual simplificado e ficou cos detalles que máis poden impresionar os turistas que aquí chegan nos cruzeiros que sucun as augas do Mediterráneo, amoados e incultos, que reciben información sumaria e tiran fotos coas súas cámaras ou cos seus teléfonos móbiles, que engolen unha cultura anicada en pequenas doses e pagan relixiosamente o que o guía lles demanda por ver unha ruínas que serán ou non, pois todo é falso e nada está no lugar onde foi descuberto.

Iconas e paciencia (unha visita ao hospital Elefterios Venizelos)

Nesta illa hai unha morea de edificios, institucións e lugares públicos que levan o nome de Elefterios Venizelos, en honra do que fora primeiro presidente de Creta logo de que esta abandonase o Imperio Otomán e se constituíse nunha parte de Grecia. O proceso non foi sinxelo, e nel a figura de Venizelos agromou coma a dun titán negociador, coma a dun heroe da unificación, coma a dun pai para todos os cretenses. Supoño



Monumento en honra dos mariñeiros nunha rotonda do porto

que isto é a historia oficial, e algúns habería na altura que discrepasen e quixesen para a illa a independencia, mais é sabido que a historia a escriben os vencedores, e este caso non tiña por que ser diferente.

Estaba ceando con dous amigos irlandeses nunha taberna popular próxima á praza de Anglon, cando un deles comezou a sangrar polo nariz. Probados os remedios caseiros típicos do xeo na caluga, a oclusión simple e unha combinación de posicións do colo segundo as prácticas locais, a intensidade da perda convidaba a tomar medidas urxentes. Os camareiros estiveron prestos en chamar un taxi e alá fomos cara ao hospital Venizelos (ou Venizelou, segundo outras referencias escritas).

Nas urxencias déronse de conta deseguida da importancia do asunto, e aos dous minutos estábamos instalados na consulta dun otorrino que debería andar pola trintena. Estudara inglés en Irlanda e daquela todo resultaría máis fácil. Nun momento da consulta pediume que fose procurar xeo á cafetaría. Coidando que a ía atopar no interior do edificio do hospital, entrei na planta baixa (as urxencias estaban no soto) e puíden comprobar un espectáculo de admirar. Os cuartos estaban ategados de xente que se arremuñaba arredor dos doentes nunha penumbra que facía lembrar a *Lección de anatomía*, de Rembrandt (contribuíu á evocación o feito de que a meirande parte deles ían vestidos de negro e que a luz —tenue— chegaba dunhas candeas situadas diante dunha icona, non puíden distinguir se de san Nicolás ou de san Xurxo derrotando o dragón). Cando por fin conseguín dar cunha enfermeira que fumaba ás agachadas nun cuarto mínimo, indicoume que a cafetaría estaba no exterior do edificio. Poallaba e, ás presas, pasei por diante dunha tenda de campaña que a xeito de templo expuña innúmeras iconas de todos os tamaños, e unha colección non menos heteroclita de candeas e *cambalais*¹. Pasada a tenda, no medio dun piñeiral cativo, dei cunha barraca/*colmado* onde servían café e bolos, mais vendían tamén artigos de primeira necesidade para suplementar a dieta dos doentes: bonecos, iconas, pixamas e bebidas refrescantes. Falaban nun inglés de mínimos e foron amables proporcionándome o xeo que o médico requirira.

Cando cheguei á consulta —pasaran no *interin* non máis de dez minutos— o doutor afanábase en introducir unha segunda esponxa sintética no nariz do meu amigo, indicándolle as precaucións que debería seguir e o que sería a evolución do cadro clínico; pois axiña padecería dores de cabeza, derramos baixo o ollo dereito e tería aínda problemas de proído intenso cando o sangue callado secase de vez e as esponxas se con-

traesen. O xeo que levaba serviría para arrefriar os dous litros de auga que tería que engulir na próxima hora mentres esperaba na sala de espera. Eran as once da noite e estaba chea até o ramo, e daquela decidimos ir á cafetaría/*colmado*.

Pasada unha hora, regresamos e o doutor atendeunos decontado, repetiu as instrucións que se debían seguir nos próximos días e anunciou que a hemorraxia estaba baixo control, pois o sangue xa non baixaba pola farinx. Cando lle preguntamos canto se debía, dixo que nada, pois sería maior a burocracia que o gaño.

Cando deixamos o hospital, o mesmo taxista que nos trouxera (Manolis Skountakis) intereseuse pola evolución do meu amigo e deunos unha tarxeta por se precisabamos dos seus servizos nos días seguintes. Agora non nos podía acompañar ao hotel, pois tiña que respectar as quendas, e había dous colegas diante del na fila do taxi.

No camiño de regreso fomos falando do bo trato recibido, da sorpresa do ben que funcionaban as urxencias e do ambiente depresivo dos cuartos onde ficaban os doentes, de como o doutor preferira pasar por riba da burocracia e do agasallo que o meu amigo lle enviaría dende Irlanda para compensar dalgún xeito o seu servizo e atención. Tamén falamos do taxista, ao que chamariamos ao día seguinte para que nos levase ao aeroporto.

Outras visitas

Ademais da decepción de non poder visitar a fortaleza veneciana do porto Kaule, nome que os turcos lle deron ao que os venecianos chamaban “Rocca a Mare”, si puíden dar un paseo polo recollido porto de pesca e ver catro ducias de pequenas embarcacións armadas, case todas elas á volanta, que é a arte que aquí usan para erguer do mar variados peixes, entre os que destaca o peixe espada, sexa este capturado de xeito legal ou ilegal. Do porto subín cara á vila pola rúa Handakos para recalar na praza Liontaria, onde se sitúa a fonte veneciana construída en 1629 por Francesco Morozoni, quen tamén foi impulsor da construción do edificio da Loggia, moi ben conservado e que albergou, co paso do tempo, múltiples institucións locais até se converter hoxe na sede do Concello.

Non puíden deixar de visitar o mercado que leva até a praza Kornaku, e no que chamou a miña atención a profusión de mercadorías, entre as que destacaría, polo inesperado, os variados tipos de esponxas, de cuxa recolecta os gregos son mestres consumados. Fixen, ao cabo, unha visita ao acuario, xeitoso e didáctico, onde souben da colaboración que teñen co Instituto Galego de Formación



Ruínas (falsas) de Knosos

en Acuicultura da illa de Arousa, do que reciben cada ano varios alumnos para a súa formación como expertos en acuarios.

A historia non é como a contaron, senón distinta

Foron días intensos, mais a sensación que levo logo de visitar Heraklion é ben distinta da que traía cando aquí cheguei, o que nin sempre reconforta. Aprendín a fume de carozo a historia das varias civilizacións que poboadon e repoboadon a illa, case sempre despois de grandes cataclismos en forma de erupcións volcánicas nas illas veciñas ou terremotos asustadores; e tamén de vaivéns no poder, logo de reiteradas invasións e dominios alternados. Souben do carácter pacífico dos seus primeiros poboadores (segundo o que contou o guía de Knosos) e da violencia tribal dos homes da montaña contra os sucesivos gobernantes, onde destacaron varios caudillos guerrilleiros de mostacho excesivo e pistola ao cinto, que encirraron o poder otomán e perderon sempre, o que nunha reviravolta da memoria me fixo lembrar as moitas guerras perdidas do xeneral Aureliano Buendía, o heroe de Macondo.

A sensación que levo, así e todo, é que a cidade é caótica e pouco respectuosa co seu pasado —do que as máis das trazas que quedan son obra dos venecianos—, que está orientada a un turismo de cruceiros que en enxurrada acode nos meses estivais e que os locais procuran tirar par-

tido deles mostrándolles as falsas ruínas de Knosos coma nun parque temático obsoleto e triste.

Non atopei nin traza de Teseo, e se cadra iso é bo, pois podo conservar na memoria e recrear se fose necesario o mito ao meu antollo. Partindo de Heraklion, cando o avión sobrevoa Viena, remato o texto comezado anos atrás, dándolle unha reviravolta á historia, pois os mitos están aí para seren modificados co paso do tempo, ou así é que eu penso:

“Un fito na historia non contada dos heroes e os titáns. Non máis ver o que acontece, levado pola piedade ancestral dos elixidos, Teseo acode de Minotauro na axuda, que este acolle con saloucos e agarimos. Fóra, na Fraga de Robelle, nos xardíns do Palacio Inventado de Ios, rexeitada de todos e perdida na incompreensión e na saudade do que non foi, Ariadna perde o gusto pola vida e, apampada, comeza a cantar cantigas de rapazas e de escola. No Labirinto dos Segredos, xorde na fin o amor entre os estraños, de razas e de estirpes tan dispares. A historia fai un rizo sobre si mesma e non é como a contaron, senón distinta” ■

1. Rosarios de man que portan os cristiáns ortodoxos.